

ANEXO VI

OBRIGAS E RECOMENDACIÓNS RESPECTO AO DESEÑO DAS CARROZAS

OBRIGAS

Dimensións

Segundo o establecido no Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, as dimensións máximas dos remolques serán as seguintes:

- Lonxitude < 12 m
- Altura < 4 m
- Anchura < 2,5 m

Dispositivos de acoplamento dos remolques

Segundo o establecido no artigo 13 do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos:

- 1 Os elementos mecánicos, pneumáticos e eléctricos de conexión entre un vehículo tractor e o seu remolque deben ser compatibles e cumprir as esixencias que se determinen na regulamentación.
- 2 Os remolques estarán dotados dun dispositivo que obrigue as súas rodas a seguir unha traxectoria análoga á dos dispositivos de acoplamento do vehículo tractor, segundo a regulamentación.
- 3 O dispositivo de axuste do remolque co vehículo tractor estará dotado dun elemento que impida o desacoplamento do remolque, de acordo coa regulamentación.
- 4 Os remolques cuxa masa máxima autorizada sexa menor ou igual a 1.500 quilogramos, que non estean provistos dun sistema que asegure o freado do remolque en caso de rotura do dispositivo de axuste, deberán estar provistos, ademais do enganche principal, dun dispositivo de axuste secundario (cadea, cable, etc.) que, en caso de separación do



enganche principal, poida impedir que a barra do dispositivo de axuste toque o chan e que asegure, ademais, unha certa condución residual do remolque.

Decoración

Non está permitido utilizar elementos pirotécnicos, así como obxectos con lapas, candeas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

RECOMENDACIÓNS

Instalación eléctrica

Como liña xeral, resulta máis recomendable utilizar inversores de corrente utilizando a enerxía eléctrica do vehículo e remolque, aínda que tamén se permite o uso de xeradores de gasóleo.

No caso de utilizar xeradores:

- Non poderán estar cubertos nin rodeados por materiais decorativos inflamables ou combustibles.
- Deben situarse na parte da carroza máis afastada posible do seu acceso.
- Deben situarse de xeito que as persoas ocupantes da carroza se atopen a suficiente distancia do aparello.
- Debe calcularse o combustible necesario para o seu funcionamento durante o desfile, e evitárase levar combustible de reserva nin na carroza nin no vehículo de remolque.

A instalación eléctrica da carroza debería ser realizada por un instalador electricista autorizado coa finalidade de garantir tanto as condicións de seguridade dos elementos de xeración de electricidade instalados na carroza como as das diferentes conexións necesarias.

Seguridade nas zonas elevadas da carroza fronte ao risco de caída

A carroza debe contar con elementos de seguridade para impedir o risco de caída a distinto nivel das persoas ocupantes. Por exemplo:

- Cintos anticaída ou arneses para os ocupantes das zonas elevadas da carroza.
- Varandas, coas seguintes condicións:



- Realizadas en materiais ríxidos e resistentes (non se poden utilizar cordas, cintas, cadeas ou similares)
- Altura mínima de 90 centímetros
- Protexidas por unha barra horizontal ou listón intermedio, ou ben por medio de barrotes verticais cunha separación máxima de 15 cm.

Seguridade fronte ao risco de atrapamento e atropelo

Co obxectivo de diminuír o risco de atrapamento e atropelo entre as rodas da carroza, estas contarán con abas ríxidas para o recubrimento das rodas, instaladas ao longo de ambos laterais da carroza.

Decoración

Os materiais utilizados para a decoración da carroza deberán ser ignífugos.

Non está permitido utilizar elementos pirotécnicos, así como obxectos con lapas, candeas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

Os elementos de decoración deberán contar con puntos de ancoraxe automáticos e facilmente desmontables que non sobresaian dos laterais da carroza.

Medios técnicos de extinción

Os vehículos de remolque das carrozas irán dotados dun extintor de po de eficacia mínima 21A 113B C.